

LA VOZ DE GALICIA

29/04/2008

ENTREVISTA | MILLÁN PICOUTO
POETA, DRAMATURGO Y PROFESOR

«O problema do teatro son custos da representación»

Acaba de recibir o premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2008 pola súa obra «Ciclo de Marte»

Javier Romero

OURENSE | Tras o recoñecemento do seu colectivo co premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2008 pola súa obra *Ciclo de Marte*, o poeta, dramaturgo e escritor Millán Picouto (Ourense, 1949), continúa a súa vida e traballo na cidade que o viu nacer e crecer como persoa e escritor. Unha colección de comedias e traxedias precedidas por tres títulos que teñen a súa continuidade no libro premiado, e que se iniciaron na editorial Linter no ano 2001.

—¿Cal é a historia da súa obra «Ciclo de Marte»?


—É o cuarto título dunha saga precedida por *Ciclo de mercurio*, *Ciclo de venus* e *Ciclo da terra*. Trátase dun texto teatral escrito en verso con partes faladas, recitadas e cantadas, destinadas ao espectador ou ao lector por igual.

—¿A quen lle agradece premio recibido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega?

—Os primeiros aos que teño que estar agradecido son todos os colegas de profesión que valoraron os meus textos. Ademais, está o miña editorial, Edicións Linter, que desde o principio axudoume a sacar a diante este proxecto xunto co meu editor Manuel Ramos.

—¿Cal é a súa opinión da escena teatral na Galicia de hoxe en día?

—O problema do teatro son os custos da representación. En Galicia faise un teatro similar a de doutros lugares de Espa-



Millán Picouto di que o teatro hai que disfrutalo nun libro | SANTI M. AMIL

ña, onde hai xeralmente poucos actores, non máis de cinco. No temático, a intención é de continuismo coas vangardas de fai cen anos.

—E o seu teatro, ¿de que maneira evolucionou?

—O meu require un maior elenco de actores, un coro e unha orquestra con música sinfónica. Pero aínda hoxe non se conseguiron xuntar os medios necesarios polas dimensións que requiren. Serían necesarios 15 ou 20 actores, un coro e unha orquestra. Algo que ata a fecha

é impensable na Galicia de hoxe en día.

—Entón as súas obras, ¿nunca serán representadas?

—As miñas obras representaranse algún día, de momento non. Polas súas características pódense ler e comprender á perfección nun soporte encadernado como é o libro. Ao final, o que estamos lendo é poesía. As veces cando unha representación non é real, é mellor a súa interpretación a través da lectura dun libro para entender a obra.

«O grupo de teatro Auriense conseguiu xuntar a todos os que nos gustaba ler, escribir e ver teatro»

Millán Picouto forma parte da historia do teatro Ourense. Fundador do grupo de teatro Auriense no ano 1974, e unha testemuña directa da evolución deste arte na recente historia democrática do país.

—¿Cómo recorda o seu inicio no teatro como fundador e director do grupo Auriense?

—Foi no ano 1974 cando formamos parte da directiva do grupo Auriense, propuxéronme dar vida ao proxecto dun grupo de teatro que leva o nome de Auriense. Eu tiña 24 anos e por aquel entón e o que ensalábamos cos mozos que formaban parte do grupo eran traducións que eu facía dalgúns textos breves e dalgunhas obras

escritas pola miña conta cunha extensión maior as obras traducidas.

—Dado o momento histórico no que se atopaban naqueles anos, ¿tiveron nalgunha ocasión problemas co goberno daquel entón?

—Depende do que tratemos. Desde o goberno franquista, nunca nos puxeron problemas con todo o relacionado coa lingua galega. Outra cousa é o que sucedía coa censura, onde as restricións si que eran unha realidade constante. De todos os xeitos, naquela época e naquelas actividades, o grupo de teatro Auriense conseguiu xuntar a todos os que nos gustaba ler, escribir e ver teatro en Ou-

rense. Un dos eventos clásicos era en Ribadavia, concretamente no Agro de Santo Domingo.

—¿Ata cando ocupou o cargo de director?

—Practicamente ata finais dos anos oitenta. Foi unha cuestión de evolución social do teatro a nivel galego. Había dous sectores, un que buscaba a confrontación ideolóxica e outro que perseguía a profesionalización do sector. Pero ata cando non era director, sempre exercía de dramaturgo do grupo Auriense, redactando obras para os membros do grupo, cos que sempre mantiven unha amizade que dura ata hoxe en día. Foron uns anos dos que gardo un bo recordo.

FARO DE VIGO

08/06/2007

FARO DE VIGO
Viernes, 8 de junio de 2007

➤ MILLÁN PICOUTO
Escritor e ex concelleiro de Cultura do BNG

“Cultura ten unha política errática no teatro”

“Cando exista unha política teatral en Galicia estas obras representaranse”

X.M. del Caño / OURENSE

Linteo acaba de pór na rúa a cuarta entrega da obra dramática de Millán Picouto, baixo o título *Ciclo de Marte*. Contén tres traxedias sobre a illa de Páscua, con argumentos enlazados, unha comedia fantástica ambientada na época dos samurais, no Xapón, titulada “Os Guerreiros celestiais”, e o volume conclúe con “Asteroides”, un conxunto de pezas teatrais breves, algunhas delas de interese didáctico, para a escola, a modo de contos diversos: galegos, árabes...

- As traxedias conforman a parte máis importante do libro.


- Tratan o conflito da illa de Páscua, dende a época das estatuas, dende a época do florecemento da illa de Páscua, ata a dos canibales. A primeira e a segunda peza versan sobre a guerra civil e a terceira xa está situada no tempo no que os seus habitantes viven en covas e entregados ó canibalismo. Están basadas en datos enolóxicos. Páscua é a illa máis solitaria do mundo. Ten catorce kilómetros de extensión. Chegou a estar habitada por 20.000 persoas, que vivían nunha illa triangular que estaba totalmente cuberta de árbores, e acabou en 300 habitantes, nun territorio totalmente desolado. Esa é a parte argumental.

- Pese a que fai teatro, vostede mantense fiel á poesía.

- Son todas pezas teatrais en verso.

- Lamentablemente, estas obras non se están representando.

- O teatro galego ten un nivel de representación baixo. O Centro Dramático Galego



Millán Picouto. / INAKI OSORIO

ten unha política errática. Eu teño que facerlle aí unha crítica á Consellería de Cultura. A Consellería de Cultura ten unha política errática, respecto do teatro. E, francamente, estas pezas son moi representables todas, aínda que non o sexan no actual estado de representación do teatro de Galicia.

- ¡Non se trata de teatro para ver?

- Todas as pezas están destinadas ó teatro, pero como teñen autonomía verbal, a

*Linteo publica
Ciclo de Marte,
a cuarta obra
dramática
do escritor*

importancia da palabra é moi grande, estas obras pódense ler, sen que o lector bote de menos o vela representada.

- Vostede incluso musicou as pezas.

- Para min o poeta, o dramaturgo e o músico poden estar fundidos nunha soa persoa, porque unha faceta axuda á outra.

- ¡Cando se representarán as súas obras, con todos os compoñentes vivos?

- Cando exista unha política teatral en Galicia, cando Galicia e os poderes públicos teñan necesidade de fundamentar unha arte galega, estas obras representáanse inmediatamente, dirixidas por min ou por quen sexa, sempre que se manteñan fieis ó espírito da obra. Non temos máis que reunir para cada obra a doce actores e actrices e un grupo de doce cantores danzantes tamén de doce persoas.

“Macrocosmos”, unha versión en castelán

- Antes do “Ciclo de Marte”, vostede publicou, coa mesma editorial, “Ciclo da Terra”.

- *Ciclo da Terra* inclúe as traxedias “Prisciliano en Tréveris”, “María Soliña”, “Os Corvos” e unha comedia desenvolta na China. “María Soliña”, con 3.000 versos, é a obra de teatro máis longa da literatura galega. Ten unha duración de tres horas. Conta cunha partitura vocal e ins-

trumental feita por min tamén.

- O volume anterior titúlase “Ciclo de Venus”.

- *Ciclo de Venus* ten dúas pezas ambientadas na Grecia clásica. E a primeira é o *Ciclo de Mercurio*, publicado no ano 2002. Xa van publicadas 17 obras.

- Orixinariamente, Millán Picouto é un autor coñecido pola súa poesía.

- Estas obras tratan de le-

var ó teatro a poesía.

- ¡A serie non remata con “Ciclo de Marte”?

- Non, para o ano sairá Xúpiter, despois publicarase unha tradución ó español de toda a produción teatral, que suma 23 pezas, tamén en verso. Fareina eu directamente, baixo o título “Macrocosmos”. Despois, completarei todo o sistema solar e chegarei ás estrelas. Serán 9 ciclos: 8 planetas e un de estrelas.